

Paradela acolle a Cata de Calificación da colleita 2018 na D.O. Ribeira Sacra

O **venres, 22 de febreiro**, celébrase no **Centro Sociocultural de Paradela**, a Cata de Calificación da colleita 2018 na D.O. Ribeira Sacra.

As Catas de Calificación da Ribeira Sacra teñen carácter itinerante por subzonas e, nesta ocasión, o turno é para a subzona de Ribeiras do Miño. O pasado ano, a cita foi en Parada de Sil (subzona de Ribeiras do Sil), onde a colleita 2017 obtiña a valoración de EXCELENTE.

Integran o panel de cata:

- **Antonio Raluy**, membro da Asociación Galega de Catadores
- **Mateo Seoane Corral**, membro da Asociación Sumilleres de Galicia
- **Argimiro Levoso Touceda**, membro da Asociación Galega de Enólogos
- **Jesús Rodríguez Carreiras**, membro da Asociación Vitislucus, Expertos en Análise Sensorial e Enoturismo e Profesor de Servicios en Restauración na Escola de Hostalería de Lugo "IES Sanxiallo"
- **Alfonso Losada Quiroga**, experto en Análise Sensorial de Viños
- **Luis Díaz Álvarez**, xornalista especializado
- **José María Martínez Alonso**, membro do panel de cata do C.R.D.O.R.S.
- **José María Martínez Matos**, membro do panel de cata do C.R.D.O.R.S.
- **Juan Angel Martínez**, membro do panel de cata do C.R.D.O.R.S.
- **Xesús Verao Pérez**, membro do panel de cata do C.R.D.O.R.S.

O panel de cata valorará **10 mostras, 2 por subzona** (Amandi, Chantada, Quiroga-Bibei, Ribeiras do Miño e Ribeiras do Sil), buscando ter representación en cada subzona dunha adega de maior produción e outra de menor produción, para establecer unha valoración media dos viños da nova añada. A recollida de mostras véñena facendo técnicos do C.R.D.O.R.S. desde o pasado día 8.

O **Consello Regulador** organiza esta cata co fin de informar aos consumidores sobre a calidade dos viños que se van atopar no mercado. A primeira cata de calificación celebrouse no 1996, co resultado de "BOA". Desde aquela, todas as cualificacións foron de "MOI BOA", agás o pasado ano e no 2000, que foron "EXCELENTES".

Nota: en canto se coñeza o resultado remitiremos nota de prensa e fotografías.